

**Transformación e cambio  
nunha comunidade rural da Galicia interior**

JOSÉ ANTONIO FIDALGO SANTAMARIÑA  
Universidad de Vigo



## 1. INTRODUCCIÓN

Nos estudos que ten realizado sobre o sistema cultural de Galicia o antropólogo social Carmelo Lisón Tolosana definiu a parroquia galega como «unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada» (LISON, 1977:56), engadindo que presenta uns lindes xeográficos ben delimitados, marcados por ríos, regatos, corredoiras, camiños reais, cumes de montes, cruceiros, liñas entre mións, etc. que son defendidos con brío polos membros da comunidade parroquial. Para o xurista Luís Moure Mariño, a parroquia galega tamén «orixina un feixe de relacións de veciñanza, de tradicións, costumes e dereitos que lle ofrecen especialísima fisionomía» (MOURE-MARIÑO, 1979:118). Pois ben, hoxe en día, estes dous compoñentes básicos da definición da parroquia galega son os que semellan estar pasando por unha auténtica transformación e cambio, crise que está a repercutir profundamente na actual fisionomía que xa presenta cada unha das 3.811 parroquias galegas que constan nos Nomenclátors oficiais.

No caso da parroquia rural de *San Julián de Grixalba* (Sobrado dos Monxes, Coruña), o seu decorrer histórico orixinou unha mancha de costumes e prácticas comunitarias, uns modos de vida, uns usos, costumes familiares, sociais e de relixiosidade popular, que veu conservando sen a penas modificacións ate as portas da actualidade, proporcionándolle unha peculiar fisionomía que sómente nas últimas décadas empezou a deixar atrás.

No que segue non pretendo –e de feito renuncio a elo– ser exhaustivo ao presentar os factores estimulantes da transformación e cambios que hoxe en día se teñen producido no seo parroquial. A pouco que un se fíxe nos elementos do seu patrimonio etnográfico, compróbase como se achan sometidos a unha grande transformación; un feito que pode considerarse normal, xa que a cultura dun pobo nunca permanece estática, senón que se vai constituíndo e activando continuamente co esforzo diario dos

naturais. O perigo aparece cando estes elementos do sistema se destrúen, inconscientemente ou conscientemente, e desaparecen, como está a suceder, deixando as comunidades ermas daqueles símbolos que evidencian a súa identidade cultural.

Deberei deixar constancia, desde o principio, de que tanto o sentido das camiñadas polo espazo parroquial da parroquia obxecto de estudio, Grixalba, como as conversas cos residentes actuais, que visitei tanto nas súas casas como nos campos de traballo, veñen sendo, polo de agora, de observación e gozo persoal, e isto dá un carácter provisional a este texto, co que tan só me propoño mostrar algúns trazos do proceso que levou a maioría destes fregreses de Grixalba a deixar a atrás a modalidade de traballo e de vida tradicional, dando o salto, en tan só unhas décadas, á modernidade. Neste repetido camiñar gozando puíden decatarme destas transformacións e trocos que durante o último medio século afectaron aos elementos básicos do seu sistema de cultura tradicional, polos que se distinguía a comunidade e que, hoxe en día, está a piques de perder.



Situación da parroquia de Grixalba.

## 2. PRESENTACIÓN DA COMUNIDADE PARROQUIAL

Como unha de tantas parroquias rurais galegas, esta parroquia de Grixalba conta cun ben delimitado territorio protexido polo santo Padrón, *Julián*, que a preside desde o interior da Igrexa e adro parroquial. Os poboadores que habitan seguen conservando unha acentuada conciencia de pertenza parroquial, unha longa historia vivida e unha modalidade de existencia en cambio merecente de ser comentada ao longo das posteriores descrições e análises que fagamos.

Asentada ao norte do concello de Sobrado, no linde entre as provincias de A Coruña con Lugo, onde a ladeira coruñesa do monte Cova da Serpe se abre á ampla



Sector do espazo parroquial visto desde o cumo do monte Cova da Serpe.

chaira parroquial, os 35,89 kms. cadrados do espazo parroquial esténdense polas dúas marxes do «camiño de ferradura que vai de Santiago a Vilalba e Mondoñedo»<sup>1</sup>. Linda esta comunidade coas parroquias de Foxado ao N. e de Cidadela e Foxado ao O., ambas do concello de Curtis; coas parroquias de Roade e Cumbraos ao S., estas como ela do concello de Sobrado dos Monxes; e coas parroquias de Negradas, Nafreita e Nodar ao E., as tres pertencentes aos concellos de Guitiriz e Friol, ambos da provincia de Lugo.

Pero é na resposta que dan estes paisanos á terceira pregunta do *Interrogatorio de San Julián de Grijalva*, do *Real de Legos do Catastro de Marqués de Ensenada*, onde os propios aldeáns de Grixalba detallaron os lindes do territorio parroquial ao dicir que «esta feligresía terá de L. a P. unha legua e cuarto desta, e de N. a S. outro tanto que se andará en dúas horas e media tanto de L. a P. como de N. a S. e de circunferencia terá cinco leguas e cuarto doutra que se andará en once horas e media; e se deslinda principiando pola parte do L. na lagoa empegada e seguindo a parte Poñente ao cruceiro de Boimente, de alí ao porto Carros, segue ao marco das cabras e deste dá volta á parte do norte seguindo á fonte cuberta volve cara ao poñente á mamoa

<sup>1</sup> MADOZ, Pascual: *Diccionario Geografico-Estadístico de Galicia y sus posesiones de ultramar*. Tomo III. Madrid, 1815. Voz «Grijalva», pág. 625, col. 1.

das estepeiras, segue á Penalonga que di ao sur, e de alí volve ao marco que se acha no Rego que baixa da fonte Penalonga dividindo por estas partes a feligresía de San Julián de Cumbraos dá a volta á parte do N. ao marco da fonte Salgueiro confrontando por aquela parte coa feligresía de Santa María da Cidadela prosegue ás penas chamadas Dous Baños e de alí ao porto, acaba seguindo ao arco e fonte deste nome e á fonte do Baliño confrontando coa feligresía de Santa María de Foxado e segue a demarcación cara ao N. á cruz de Outoriero e desta ao porto Obejal. Seguindo ao alto do Facharedo e desde el ao pontigo chamado Ollo da Morta e de alí ao porto Cavado, seguindo ao porto Cabalos e dese o marco de San Cibrao confrontando coa feligresía de Fojado e de alí volve hacia o L. á mamoa do Barreiro. Conformando por esta parte coa feligresía de San Vicente das Negradas, seguindo ao porto Vilar, e deste ao marco da Camposa do Lousado e deste á fonte Encayada confrontando coa feligresía de San Mamede de Nodar, segue á expresada lagoa Empegada onde se empezou a demarcación, confrontando coa feligresía de san Andres de Roade e Santiago».

Trátase dun extenso espazo parroquial percibido como propio polos actuais poboadores, que veu estando caracterizado por unha intensa ocupación veciñal asentada nunha mancha de aldeas parroquiais asentadas ao abeiro dunha rede de ríos e regatos que van ferindo os montes, prados, pastos e campos de labor tradicionais, nos que os fregreses de tempos recuados producían «na maior parte: centeo, liño e avea, trigo, nabos, e aínda se colle algún millo miúdo e liño»<sup>2</sup>, ao que se engaden as «cento noventa e dúas colmeas», o gando que se menciona, que son os bois, vacas, tenreiros, eguas, facos, poldros e poldras, machos, mulas, porcos, carneiros, cordeiros e ovellas, castróns, cabras e cabritos «e non hai cabana nin eguada que aparte fose do termino»<sup>3</sup>, e aqueloutros diezmos que pagan de impostos ao convento santiagués de San Martín Pinario e ao de Santa María de Sobrado, que se concretaban no diezmo «de todo centeos, aveas, millos, liño, la, cordeiros, cabrío, cachuchas de porco, mel e manteiga de vaca»<sup>4</sup>, compoñemos un sintético inventario xeral dos principais produtos básicos que producían estes aldeáns dentro do seo parroquial de mediados do século XVIII, sen que sufrise a penas variacións ate o ecuador do século XX, en que vai iniciarse o proceso de cambio que continúa no momento actual.

Aínda que continúa sendo unha parroquia eminentemente rural, hoxe en día Grixalba xa presenta unha estrutura económica baseada nun modo de produción agropecuario en transformación, no que a agricultura está ao servizo da gandeiría; e

<sup>2</sup> Real de *Legos do Catastro de Marqués de Ensnada. Interrogatorio de San Julián de Grijalva*. Cfr. Respuesta a pregunta 10 sobre os froitos que se recollen na parroquia.

<sup>3</sup> Real de *Legos do Catastro de Marqués de Ensnada. Interrogatorio de San Julián de Grijalva*. Cfr. Respuesta a preguntas Nº 19 e 20.

<sup>4</sup> Real de *Legos do Catastro de Marqués de Ensnada. Interrogatorio de San Julián de Grijalva*. Cfr. Respuesta a pregunta 15ª sobre impostos.

aquel antigo ideal de autarquía que aparecía no ámbito económico (autosuficiencia doméstica), social (endogamia parroquial), sanitario (terapéutica tradicional), e espiritual (salvación da alma) hoxe en día estase transformando e trocándose nunha dependencia apreciable dos produtos que chegan á comunidade desde os centros de distribución situados no alén parroquial. No momento actual todo este espazo parroquial está habitado por unha poboación de 443 habitantes (228 homes e 215 mulleres), que se distribúe polos vintenove asentamentos parroquiais, varios deles case despoboados.

### 3.- A COMUNIDADE PARROQUIAL PREVIA Á INTRODUCCIÓN DAS TRANSFORMACIÓNS E CAMBIOS ACTUAIS

Esta freguesía galega constitúe unha comunidade marxinal que viviu confinada, dun lado entre os concellos lucenses de Guitiriz e de Friol, cos que mantiña moi escasas relacións pola dificultade de atravesar o monte Cova da Serpe por sendeiros que superaban o nivel dos 700 m. de altura e, doutro lado, polo concello de Curtis, ao que estes aldeáns acudían unicamente cando necesitaban coller o tren para viaxar, ou ir vender queixo e/ou gando vacún nas feiras organizadas nos asentamentos de Curtis e Teixeiro. Doutro lado, ao estar situada na chaira, aos pés do monte que linda coa provincia de Lugo, a carencia de camiños abertos que comunicaran estas aldeas de ambos lados do monte Cova da Serpe, produciu un illamento histórico co mundo exterior parroquial e unha autarquía interna que só perderá ben entrada a segunda metade do século XX.

Ate fai unhas décadas, no interior parroquial a vida aldeá transcorreu semellante a como debeu ser desde os tempos escuros da Idade Media, cando os antepasados labregos traballaban estas terras do mosteiro de Sobrado dos Monxes. Sempre máis densamente poboadas que hoxe, os bens que podían extraerse delas eran escasos, non dando nunca dabondo para facer unha vida sen carencias. Aínda nas décadas de 1930 e 1940, esta poboación parroquial presentaba unha nutrida demografía que pouco se asemella á actual. Cóstanos que nas referidas datas esta demografía parroquial estaba como se indica na táboa nº I.

**Táboa I: Poboación da Parroquia de Grixalba nas décadas de 1930 e 1950**

Año	Habitantes	Homes	Mulleres	Solteiros	Casados	Viuvos	Analfabetos	Casas
1930	1244	604	640	930	260	54	736	247
1950	1190	580	600	697	350	71	390	206

Fonte: Elaboración propia a partir de datos provintes de: *Padróns de Habitantes do Concello de Sobrado dos Monxes*. Anos 1930, 1950.

A poboación mantense sen a penas variacións durante estes vinte anos seguindo o modelo de estabilidade e autarquía tradicional. En 1950 son tan só 160 fregreses menos que en 1930, pero a tendencia ao descenso demográfico parroquial xa non se vai deter ate o momento actual.

Xa cando entra na década de 1970 a comunidade tiña perdido unha parte daquela demografía parroquial que a caracterizaba, pero aínda presentaba ao principio da mesma o duplo dos 443 habitantes que ten na actualidade, tal como o constata a relación de datos demográficos parroquiais relativos a aquela década exposta na táboa nº II.

**Táboa II: Poboación da parroquia de Grixalba na década de 1970**

Año	Habitantes	Homes	Mulleres	Solteiros	Casados	Viuvos	Analfabetos	Casas
1970	943	468	475	520	340	50	184	234
1975	793	400	393	456	302	35	129	165

Fonte: Elaboración propia a partir de datos provintes dos: *Padróns de habitantes do Concello de Sobrado dos Monxes*, dos anos sinalados.

A esta perda de poboación, que seguirá incrementando nas décadas seguintes, vaise engadir unha perda de tino, tamén crecente, pola conservación dos elementos do patrimonio construtivo parroquial, que a partir de agora empezará a perder os antigos trazos e a trocalos polos actuais.

De outro lado, tamén achamos que, con anterioridade á década de 1950, todo este territorio parroquial aparecía atravesado por unha complicada rede de vías de comunicación, constituída por antigas corredoiras principais e secundarias que combinaban con camiños de montura e carreiros que chegaban aos recunchos máis illados do espazo parroquial, aos que estes aldeáns acudían para cortar toxos, coller leña, cavar o monte, coidar gando, segar herba, regar prados, atender muíños, cultivar terras, ou desenvolver a práctica do deporte de caza, sempre abundante sobre estes espazos parroquiais. Pero a partir da entrada da década de 1970, as transformacións e cambios aceléranse dentro do marco parroquial, ate o punto de que actualmente xa case nada aparece como viña estando nesa época, agás os ríos e regatos, a serie de monumentos prehistóricos, protohistóricos e históricos locais que segue albergando o subchán parroquial, estando xa modificados ou desaparecidos a maior parte dos que se asentan sobre el.

Tamén as antigas formas que estes paisanos tiñan –moitos aínda teñen– de intervir sobre o espazo parroquial están a piques de desaparecer, estimuladas pola falta de demografía aldeá. Transfórmanse ou desaparecen as relacións que se establecían co chan parroquial para extraer del os diferentes materiais construtivos, cultivar os bens alimentarios das persoas e animais; transfórmanse as formas tradicionais de



relación que se desenvolvían cos demais elementos da paisaxe parroquial, tanto da paisaxe silvestre –arbustos, herbas, flores–, como da humanizada –prados, leiras, hortas– sempre que estes aldeáns saían polo alén das casas e aldeas que habitan. Todo isto irá deixando paso aos actuais modelos de intervención que xeran a manchea de transformacións e cambios, que xa se observan na paisaxe humanizada parroquial, que hoxe en día ten acadado unha fisionomía distinta á que imprimían os vellos modelos de intervención neste medio rural.

Calquera que visite hoxe as aldeas rurais de San Xulián de Grixalba, decatárase do escaso aprecio que dan a maioría dos residentes ao emprego dos materiais construtivos cos que remodelan as antigas edificacións populares para acondionalas ás novas necesidades; e como se continúan transformando sen tino as súas casas e edificacións anexas actuais. Pódese afirmar que calquera persoa octoxenaria que permanecese sentada na soleira da porta desde o tempo da infancia decatárase de como o seu marco parroquial leva sufrido ao longo da súa vida moitas máis transformacións que as acontecidas desde a súa infancia ate os tempos medievais en que os seus antepasados traballaban, fundamentalmente, para os monxes do convento de Sobrado dos Monxes e de San Martiño Pinario en Santiago de Compostela.

No que segue presentarei a maneira en que foron aparecendo estas transformacións parroquiais na infraestrutura viaria e as súas consecuencias no sistema do patrimonio etnográfico parroquial.

#### 4.- O PROCESO DE TRANSFORMACIÓNS DA REDE VIARIA PARROQUIAL TRADICIONAL

Ten sido esta cuestión a que máis tempo me ocupou con obxecto de determinar as condicións e os axentes da transformación e cambio que xa se detectan no interior desta comunidade parroquial.

Tal como quedou subliñado máis arriba, no interior do territorio parroquial existía, desde a máis remota antigüidade, unha complexa rede de camiños naturais que respondían ás necesidades dos residentes de penetración por este paisaxe natural e de viaxe cara as aldeas e santuarios de dentro e do alén parroquial, de modo que estes camiños naturais convertíanse ás veces en camiños da fe, ao transitar por eles aqueles peregrinos que se dirixían aos centros de peregrinaxe de Santiago e/ou San Andrés de Teixido.

A estas primeiras vías de comunicación, naturais, pertencerían os primixenios camiños que enlazan os asentamentos dos castros que seguen agochados no subchán actual próximo ás aldeas de Sante, Castro, Santó, Penagrande, aos prados do Castrillón e ao santuario de San Vitorio. A elas se sumaría outra rede de camiños carreteiros e



Parroquia de Grixalba. Antiga rede de camiños naturais do interior parroquial.  
 Fonte: Elaboración propia sobre plano parroquial.

sendeiros en dirección ás máis antigas vilas parroquiais, unha vez que se abandonan os asentamentos castrexos parroquiais e as progresivas xeracións de habitantes van pasando a configurar os diferentes asentamentos parroquiais, que se van incrementando ate chegar aos vintenove da actualidade.

Nas últimas décadas, a transformación desta rede viaria tradicional converteuse nun verdadeiro factor de transformación e cambio parroquial. Desde o comezo dos traballos de apertura e acondicionamento destes vellos camiños nos anos finais da década de 1950, esta transformación e cambio non deixa de progresar ate o momento actual.

O proceso iniciábase cando, a finais da década de 1950, a Administración Central concede un importante orzamento á provincia de A Coruña, coñecido como «Plan Coruña». Dita concesión dará lugar a unhas actuacións do antigo Patrimonio Forestal do Estado ou «Extensión Agraria», que máis tarde nomearase ICONA. Este organismo tiña como obxectivo mellorar o campo e os montes, que nesta provincia considerábanse abandonados, cubertos de toxo e calificados par aquela xente e polas autoridades provinciais da época como a «sarna de Galicia».

Polo que atinxe ás repercusións de todo isto sobre a parroquia de San Xulián de Grixalba, achamos que tamén aquelas autoridades do Estado e as propias da provincia da Coruña consideraron importante a ocupación de 1400 das 3589 Has. que abrangue a superficie total parroquial, para a aplicación deste Plan Coruña. Nelas acometeríase a plantación de pinos así como a construción dunha extensa pradería artificial na zona alta da parroquia, entre as aldeas de Codesoso e Rañón, dita «o pastizal de Codesoso», para que os veciños da parroquia que empregaban o monte para as ovellas posúiran

### FASES DA TRANSFORMACIÓN DA REDE VIARIA PARROQUIAL:

Iª. Apertura por parte do Estado dunha pista ate o monte forestal, desde a estrada de Friol a Sobrado.

IIª. Apertura do primeiro tramo do camiño central ou *camiño de ferradura*, e prolongación da pista forestal ate a cruz de san Vitorio, na estrada secundaria.

IIIª. Apertura do segundo tramo do *camiño de ferradura* ate o porto Paraños, e do segundo tramo da estrada secundaria ate a aldea de Suavila.

IVª. A apertura do tramo do *camiño de ferradura* ate o enlace co tramo lucense, na fronteira parroquial e da provincia, e enlace desta estrada central coa secundaria.



unha zona de pasto para o gando vacún, unha vez que o gando ovino tiña que desaparecer ao ser ocupado o monte pola plantación de pinos.

Segundo o manifesta un informante clave, nesta parroquia e nas veciñas de San Xulián de Cumbras do concello de Sobrado e na parroquia de Santa María de Foxado do concello de Curtis tamén se levaron a cabo repoboacións e establecemento de pastizais para os veciños do carón do monte<sup>5</sup>.

Como a parroquia de Grixalba quedaba marxinada sobre a corredoira nomeada por Pascual Madoz no seu Dicionario *Camiño de ferradura*, e coñecida como o *Camiño real* polos informantes parroquiais<sup>6</sup>, e debido a que tal camiño viña ser unha estreita congostra, con tramos fondos, que non posibilitaba o acceso por ela da maquinaria necesaria para iniciar estes labores, as institucións encargadas de levar a cabo estes proxectos deciden construír unha pista que se iniciaría na estrada que vai de Friol-Sobrado e subiría por Monte Agudo atravesando o monte do Aro da Fonte das Bestas e se dirixiría pola ladeira coruñesa do monte da Cova da serpe ate alcanzar, nas inmediacións do asentamento de A Reborica, a estrada Nacional VI, tendo o traxecto unha lonxitude aproximada de 20 kms.

<sup>5</sup> Información de Germán Nuñez Nuñez, Garda Forestal na zona.

<sup>6</sup> Trátase do principal camiño que atravesa o interior parroquial de sur a norte, actualmente transformado en estrada. Entraba polo asentamento de As Cruces a se dirixía a través do montesío Alto da Lebre, ao río Mandeo, que cruzaba e ascendía polo Porto Paramos e o monte da Carregosa ate o linde coa provincia de Lugo, saíndo da parroquia e da provincia de Coruña á altura da aldea de Rañón, para se introducir na provincia de Lugo en dirección á aldea Penablanca, da parroquia de As Negradas (San Vicenzo), pertencente ó concello lucense de Guitiriz, cruzar este concello en dirección aos de Bahamonde, Villalba, Mondoñedo, e ao de Ribadeo antes da súa entrada en Asturias.

No que atinxe ao *Camiño de ferradura*, por estas datas aínda os veciños continuaban xuntándose para arranxalo cando o deterioro pola choiva e as nevadas invernaís o facían case intransitable, procedendo mediante un tradicional sistema de axudas de traballo comunitario. Pero a partires da década de 1950, ao comprobar a presenza das inversións que se facían no monte parroquial, empezaron a solicitar algunhas para o arranxo dos vellos camiños centrais e das pontes que cruzan os ríos, sendo coas pequenas axudas concedidas como empeza o proceso de apertura e transformación, primeiramente en pistas terreiras, continuando coa dotación de asfalto e a conversión nas estradas locais.

Teñen sido, pois, estas primeiras subvencións as que posibilitan a inauguración dun longo proceso transformador da rede viaria parroquial, empezando por este ancestral «camiño de ferradura» central. Primeiro anchéase a corredoira converténdoa en pista terrea, e logo en estrada local principal, como é na actualidade, para dar a estas aldeas da parroquia unha saída ao exterior. Simultaneamente irase abrindo e dando firme a outra estrada secundaria que, enlazando neste «camiño real» a altura de Porto Paramos, se dirixe ate as aldeas periféricas do sector leste parroquial. Por último, iranse abrindo os demais enlaces que desde elas conectan cos vintenove asentamentos parroquiais. Pero o desenvolvemento deste proceso transformador non ten sido nada fácil, a teor das informacións obtidas dos principais informantes protagonistas que, atendendo aos seus comentarios, teñen sido fundamentalmente como segue.

#### **4.1.- A apertura da estrada principal**

Respecto deste «camiño de ferradura» que os actuais usuarios coñecen polo nome de «estrada das Cruces a Pena Blanca», o inicio da transformación o podemos situar no ano 1957 cando veciños da parroquia convocaron unha xunta veciñal para solicitar o arranxo, por parte do concello, da *ponte Mandeo* debido a que, tal como recolle F. Cabanas López, «por mor das tormentas se desborda» (CABANAS 2003: 415). A esta segue, no ano 1959, unha segunda xuntanza veciñal, agora na capela de San Vitorio, á que acoden tamén o alcalde, o secretario de concello e varios concelleiros, que escoitan as preocupacións dos veciños alí reunidos, acerca da apertura e arranxo dos camiños parroquiais<sup>7</sup>. Por estas datas tamén os veciños das aldeas de Vilariño, Sabugueira, Amenedo e Lousado, Brixaría e Dombrete, Guiximil, Casal de Arriba, e Casal de Abaixo decidiron asociarse e acudir á Casa do Concello de Sobrado dos Monxes, para solicitar o arranxo daqueles camiños que acceden ás aldeas desta parte

<sup>7</sup> Tal como nolo testemuña F. López Cabanas no seu libro *Historia de Sobrado dos Monxes*, que recada sobre esta asemblea que «la reunión se celebró en la Ermita de San Victorio, a las 10:30 de la mañana» (CABANAS LÓPEZ, F., 2003: 418)

da parroquia, así como ampliar o camiño que vai a ermida de San Vitorio, sen que naquela ocasión conseguiran resultados<sup>8</sup>.

Esta situación de impase institucional empezará a cambiar uns anos máis tarde, cando a corporación municipal concede, no ano 1962, a primeira subvención para iniciar a transformación en estrada do referido «camiño real» central. Concédense sómente «23.575, 35 ptas», que se invertirán na apertura dun primeiro «tramo a construír desde a carreteira de As Cruces a Penablanca»<sup>9</sup>. Con ela empézase a transformación deste ancestral «camiño de ferradura», que entra na parroquia polo asentamento de As Cruces e cruza o interior saíndo polo monte da Cova da serpe en dirección á aldea veciña de Pena Blanca, da parroquia de Negradas do concello lucense de Guitiriz.

Pero aínda haberá que agardar ao ano 1970 pola subvención de «200.000 pts», aportadas pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña para reconstruír a ponte desta estrada sobre o Mandeo<sup>10</sup>, e pola concesión doutra subvención adicional de 301.000 pts., que se empregan na construción do tramo de dous kilómetros que faltaban para enlazala coa estrada que nesta época se estaba construíndo desde Guitiriz (Lugo) ate o linde da provincia con esta comunidade parroquial, pasando pola aldea veciña de Pena Blanca. Coa unión de ambos tramos, tanto a parroquia lucense de As Negradas como esta de Grixalba cumpren súas aspiracións de saída en coche ao mundo exterior, tanto en dirección norte por Guitiriz, como en dirección sur polo asentamento de As cruces, no outro extremo desta parroquia rural.

#### 4.2.- A apertura da estrada secundaria

A segunda estrada parroquial en importancia é coñecida como «estrada de San Vitorio», que na súa orixe fíxo parte do inicial proxecto que propuña a construción da estrada que, procedente de Monte Agudo, se dirixiría á Reborica para dar saída aos habitantes de todas estas aldeas montesías á estrada N-VI, de Madrid a A Coruña. Dita estrada chegou ao límite parroquial para servir ao proxecto de transformación do monte pero non continuou. Pero dela se pode dicir que se converteu nun verdadeiro factor de cambio que vai afectar a estes campesiños parroquiais, aos que, dun lado, a



Antigo camiño de ferradura de Santiago a Vilalba e Mondoñedo ao seu paso pola parroquia de Grixalba, e camiño secundario á ermida de San Vitorio.

<sup>8</sup> Coméntase que se orixinou durante esta xuntanza no concello unha intensa e arisca discusión ao non aceptar os concelleiros a solución proposta polo alcalde, quen por isto «se ausentó de la Casa consistorial, haciéndolo después aquellos, sin aceptar el acuerdo» (CABANAS LÓPEZ, F., 2003: 418).

<sup>9</sup> Cfr. CABANAS LÓPEZ, F., o.c., páx. 421).

<sup>10</sup> Segundo testemuña F. Cabanas López (Cfr. CABANAS, o.c., páx. 439).

Administración do Estado, chamada daquela *Patrimonio Forestal do Estado*, lles invadía os seus montes sen previo aviso nin consentimento, para plantalos de pinos e, por outro, lles traía a oportunidade de gañar uns xornais, dos que estes veciños estaban moi necesitados por non ter aínda posibilidade de se ir á emigración tal como farán en anos posteriores.

É neste contexto onde describe o noso informante que «os veciños viñan un día gañar o xornal e o outro presentábanse no monte acompañados de notario e avogado a levantar acta pola invasión dos seus bens, informando ao persoal encargado das obras do delito en que incorrían se non deixaban de ocupar os terreos<sup>11</sup>. Como os preitos empezados e as respectivas sentencias se decidían a longo prazo, a Institución do *Patrimonio Forestal do Estado* mandaba continuar os traballos sen importarlle nada as denuncias dos paisanos que, moitas veces, para poder seguir traballando, eran protexidos pola Garda Civil do acoso daqueles veciños parroquiais que se opoñían pola forza á ocupación dos seus montes, que consideraban da súa propiedade, como tempo adiante así llo recoñeceron os tribunais. Con todo, di o informante, entre pros e contras, os traballos avanzaban, o pasteiro de Codesoso do monte se preparaba, os montes íanse repoboando de piñeiros e «as pistas se facían, aínda que desde o punto de vista económico aquela inversión no seo parroquial ten sido desastrosa por canto os veciños gañaron o preito contra o Estado e recuperaron os montes, o ‘pastizal’ o mercou un particular e o monte plantado ardeu case na súa totalidade»<sup>12</sup>.

Pero quedou a pista, que hoxe segue a ser empregada por estes paisanos e, sobre todo, quedaron as repercusións daqueles anos de traballos forestais, que significaron a chegada a esta parroquia marxinal dun persoal foráneo formado por técnicos, capataces, tractoristas e outros operarios con variada maquinaria agrícola, que mostraban aos fregueses o manexo e vantaxes que ofrecía aquel equipamento mecánico para o campo, co que eles aínda non tiveran contacto. Polo tanto, este fato de traballadores foráneos, aínda que non mantiña un contacto estreito cos fregreses, constituíu como un espello ao que mirarse, en tanto que viñan ofrecendo a oportunidade de gañar un xornal cerca das casas nunha época en que só un veciño o gañaba co seu tractor, que alugaba por horas ou días, e na que permanecían dentro dunha situación de autarquía económica tipicamente tradicional.

Para iniciar a construción desta estrada secundaria aínda hai que sumar outra circunstancia máis a estas sinaladas. Trátase do Garda Forestal que chegaba co grupo foráneo para coordinar os traballos forestais a realizar no seo parroquial. Este fixa a súa residencia nunha aldea da parroquia, coñecerá unha freguesa e quedarase residindo nunha aldea da parroquia durante a década de 1960 a 1970, antes de irse á Lugo, en cuxa capital reside na actualidade.

<sup>11</sup> Información de Germán Núñez Núñez. Garda Forestal da zona.

<sup>12</sup> Información de Germán Núñez Núñez. Garda Forestal da zona.

Este forestal pretendeu abrir o camiño central que conectaba as aldeas da parte alta da parroquia coas da parte baixa, e permitirá aos veciños e a él achegarse cunha maior comodidade aos traballos no monte forestal. Semella que este proceso transformador do camiño iniciouse ao renunciar este veciño a empregar o cabalo e mercar unha motocicleta para trasladarse aos espazos de traballo no monte forestal. Debido ás dificultades que todos tiñan para transitar por el cando se dirixían aos traballos no monte, este garda inicia unha campaña de mentalización dos veciños das aldeas situadas a ambos lados do mesmo, propóndolles a necesidade de melloralo para facilitar o tránsito. Convence a uns cantos veciños das aldeas da parte alta parroquial das vantaxes de abrir unha pista que, enlazando na pista forestal procedente do Monteagudo, transcorre entre as aldeas desta parte alta parroquial vindo dar á Crus de San Vitorio e baixase pola Ponte Carballeda, continuando ao carón da aldea da Costia, seguise até Pontetuela en dirección á Igrexa parroquial e á aldea de Suavila, pola que baixaría a unirse co «camiño real», que tamén estaba empezando a transformase en pista.

A maioría dos veciños aceptaron o proxecto e puxeron mans á obra, empezando por nomear unha comisión constituída por tres fregueses, respectivamente, das aldeas Brixaría, Dombrete e Sabugueira<sup>13</sup>. Os membros desta comisión, ademais de representar as referidas aldeas, tiñan a misión de convencer aos veciños de cada aldea da importancia do proxecto, e ademais aos de outras aldeas desta zona, como Guiximil, Lusado e Amendo, de Sabugueira, Casal de Arriba e Casal de Baixo, co fin de que se sumasen ao mesmo aportando a man de obra necesaria, pois nun principio non se dispuña de ningunha axuda.

Xeneralizado o consenso entre estes veciños, construíuse unha primeira fase da estrada até Cruceiro de San Vitorio. Realizouse «coa apartación da man de obra destes veciños, e déuselle un ancho de 5 metros e 50 cms. de cunetas polas veiras, e un firme pouco resistente pero abondo para que os veciños dos pobos do redor contratasen un autobús de transporte de viaxeiros para iren desde o Cruceiro de San Vitorio vender os queixos ás feiras de Sobrado e de As Cruces, dando a volta pola de Monteagudo, e traelos de volta coas mercadorías, deixando desde agora o ter que carrexalas na cabeza ou ao lombo de cabaleirías»<sup>14</sup>.

<sup>13</sup> «Da aldea de Brixaría era Manuel do Macanudo, de Dombrete era José Santamariña, e da aldea de Sabugueira era O Ferreiro». Información de Germán Núñez Núñez.

<sup>14</sup> Información de Xermán Núñez, quen sigue informando de que «a chegada do coche ao cruceiro de San Vitorio foi unha grande novidade. Foi un verdadeiro acontecemento, algo nunca visto en San Vitorio. Era un medio de transporte moi desexado polos veciños, e constituíu un grande estímulo para traballar no arranxo da pista cando se deterioraba e non podía pasar o autobús eses días das feiras. Estes veciños da parroquia, que eran os máis illados, chegaban á feira presumindo, como calquera, de ir á feira en coche».



#### FASES DA TRANSFORMACIÓN DA CARRETERA SECUNDARIA PARROQUIAL

Iª. Tramo desde a estrada Friol-Sobrado territorio da parte alta parroquial.

IIª. Prolongación da desta pista forestal ate a cruz de san Vitorio de Grixalba.

IIIª. Prolongación da apertura do camiño ate o enlace coa estrada principal entre as aldeas de Suavila e Falrá.

Concluída a construción desta primeira fase, había que continuar. Tratábase agora de abrir o camiño ate a casa da *Conxeira* da aldea de A Costoia, deixando sen consolidar a ponte Carballal por falta de orzamento, e continualo ate enlazalo coa estrada principal en construción. Continuouse coa explanación ate o agro de A Costoia, onde aparecerá o primeiro obstáculo serio, que interromperá os traballos un tempo. Tal como estaban asentadas as casas da aldea, o camiño non daba o ancho para o paso de vehículos polo asentamento e había que cruzar o agro da aldea por fincas que se tiñan en grande estima. Acadar os permisos destes propietarios non foi nada fácil a teor das informacións dispoñibles. Ademais apareceron agora outros atrancos daqueles veciños opositores a este proxecto, por considerar que repercutía negativamente no que eles apoiaban, que era o de rematar de acondicionar o «camiño real», que por estas datas se estaba levando a cabo<sup>15</sup>.

Pero as reticencias iniciais destes veciños se foron superando e a pista continuou cruzando o agro en dirección a *Pontetuela*, sempre mediante axudas de traballo veciñal, agás a man de obra dos canteiros encargados de consolidar a referida ponte sobre este río afluente do pai Mandeo.

Segue o proceso de apertura salvando as novas dificultades aparecidas no camiño de entrada á aldea de Suavila ao non ceder terreo algún veciño para ampliálo. Tamén hai que contratar unha excavadora e mercar unha casa en ruínas que igualmente

<sup>15</sup> Os veciños que integraban este grupo opositor, cuxos nomes omito, tentaban que os veciños da aldea de Costoia non permitisen o paso da pista terrea por estas fincas do agro Revolva, feito que motivou un certo retardo nas concesións das autorizacións dos propietarios destas fincas



interrompía anchar o camiño. Pero a transformación da corredoira segue progresando ate o final, cando o mentor e principal impulsor do proxecto estaba residindo en Lugo coa esposa e fillos. Os veciños interesados en rematar o proxecto aínda tiveron que superar un novo problema cando unha propietaria os levou ao xulgado por tocar os seus terreos de diante a desaparecida ermida de Suavila; daquela «se celebrou un xuízo que perdeu a denunciante e mais tivo que pagar as costas».

Simultaneamente á apertura desta pista íase concedendo algunha subvención para a apertura do tramo deste «camiño de San Vitorio á carreteira»<sup>16</sup> que o enlaza coa estrada principal, e para consolidar a *Ponte Carballal*. Concluído este enlace coa referida estrada de As Cruces a Pena Blanca os fregreses dispoñen das dúas vías de comunicación básicas que hoxe en día percorren a comunidade parroquial.

## 5.- AS PRIMEIRAS REPERCUSIÓNS: UNHA NOVA REDE DE ACCESOS ÁS ALDEAS PARROQUIAIS

Unha vez construídas estas dúas vías de comunicación interna, empézanse a acometer os demais accesos desde as mesmas ás diferentes aldeas parroquiais. Deste modo comezase por abrir e botar o firme, o ano 1978, ao tramo do camiño que ven desde a aldea de *Sante* ate esta estrada central, na súa dirección ao asentamento das *Cruces* polas casas de *A Garaboa*.

Pasados algúns anos, daráselle o firme á corredoira que sae a esta estrada principal desde os asentamentos de *Santó* e *A Laxe*. Tamén se anchea o camiño que sobe desde a altura da aldea de *Farlá* á aldea de *Penagrande*, cabeceira parroquial, polo interior da *Suavila*; e polas mesmas datas se abrirían os camiños que desde a estrada principal dan servizo ás aldeas de Porto de Abaixo pola marxe esquerda, e pola esquerda ás aldeas de *O Coto* e *Paraños*. Algo máis tarde tamén van abrindo pistas e asfaltando os demais camiños que chegan a esta estrada central desde as respectivas aldeas de *Vilarchá*, *Lagoa*, *Codesoso do monte* pola marxe dereita, e de *Brixaría* e *Rañón* pola esquerda, seguindo a dirección ao linde parroquial con Lugo.

Con respecto á secundaria «estrada de San Vitorio» que enlaza con esta principal no lugar de Portoparaños, igualmente constituirá a base para unha mancha de sucesivos enlaces que se foron abrindo para dar servizo a outra mancha de aldeas parroquiais situadas cerca da mesma.

Empezando desde este enlace coa principal en Portoparaños, aparecen pola man dereita os enlaces respectivos coas aldeas de *Costoia*, *Casal de Abaixo*, *Casal de*

<sup>16</sup> Cfr CABANAS LOPEZ, F., o.c., páx. 439.

*Arriba, Sabugueira e Vilariño*, ao que se engade ultimamente outro que leva a Vilasuso, atopándose pola esquerda os que conducen ás aldeas de *Dombrete, Guiximil, Amenedo e Lusado*. Por último, tamén se prolongará desde o asentamento de *Penagrande* o acceso que vai ás aldeas de *Barrio, Orxás e Vilasuso*, con saída pola parroquia de *Cumbraos* en dirección ao asentamento de *A Armada*, no que se sitúa o frecuentado santuario de *Nsa. Sra. da Armada*.

As décadas en que se levan a cabo todos estes enlaces son as de 1980 e 1990, nas que estes aldeáns van conseguindo que os seus representantes locais atendan as solicitudes que formulan. Alcaldes e concelleiros iranse implicando cada vez máis decididamente nesta transformación da rede viaria tradicional, imprescindible para posibilitar a tenencia dun medio de transporte privado alí onde nunca chegou o público, para a mecanización do campo e para a transformación dunhas explotacións agrarias de tipo paleotécnico. No que atinxe á parroquia que nos ocupa, coa chegada a alcaldía o ano 1987 dun candidato de Coalición Galega<sup>17</sup> empezará a desenvolverse unha política activa proclive a esta transformación dos camiños parroquiais que ten sido continuada o ano 1999 e seguintes por un veciño da aldea parroquial de Casal de Abaixo, que o substitúe<sup>18</sup>. Durante este tempo procurouse solicitar axudas para acondicionar os camiños das aldeas das parroquias do concello en xeral. Nesta freguesía de *San Xulián de Grixalba*, os referidos alcaldes, xunto cos concelleiros veciños e outros membros do propio partido, tamén contribuirán a que se concentren algunhas terras, se creen algunhas sociedades agrarias, se funde algunha cooperativa téxtil e se interveña sobre algúns elementos do patrimonio etnográfico parroquial, como foi a consolidación da capela do Rosario de Codesoso do Monte, que se achaba moi deteriorada por falta de culto e atención veciñal.

Todo este incipiente impulso de rehabilitación de bens patrimoniais continuará coa consolidación de algúns muíños tradicionais asentados no curso do río da Costoia, e coa consolidación dunha antiga «*ponte Costoia*» sobre este sector do río que pasa cerca do asentamento da Costoia. Pero case en tódolos casos de intervención na rede viaria parroquial contribuíron os fregreses coa colaboración desinteresada de traballo, tanto na apertura dos accesos aos asentamentos habitados como no peche das fincas abertas ao carón dos novos accesos.

<sup>17</sup> Refírome a D. Xosé María Sánchez Peteiro, veciño do asentamento parroquial de As Cruces.

<sup>18</sup> Refírome a D. Xosé López Sánchez.

## 6.- AS SEGUNDAS REPERCUSIÓNS: UN DIFERENTE EQUIPAMENTO AGROPECUARIO PARROQUIAL E A PERDA DAS VELLAS PRÁCTICAS

Simultaneamente á substitución da antiga rede viaria tradicional pola nova actual, tamén se ía introducindo no seo destas aldeas parroquiais un novo equipamento agropecuario. Os novos camiños facilitaban a entrada dos novos tractores con remolque, ate agora ausentes da parroquia por non servir os camiños para transitar con eles. O primeiro que entra na parroquia aparece cando se abre o primeiro tramo da estrada principal que baixaba desde As Cruces á Telleira da Gándara de Suavila; e o segundo tractor aparece mentres se está transformando a secundaria «estrada de San Vitorio». Detrás destas primeiras adquisicións aparecen desde o prestixio social que atribúe o aparello ao posuidor, pasando polos obxectivos económicos dos propietarios, xa que estes primeiros tractores alúganse por horas, ate a intención do usuario de transformar a propia explotación agropecuaria.

Conscientes das vantaxes da nova maquinaria que viran traballar sobre o monte forestal, e coa apertura da maioría dos camiños que posibilitan o acceso ás aldeas da maquinaria moderna, estes labregos empezan dotarse dun parque de tractores aos que asocian a merca do remolque, arados, grade e unha segadora mecánica, que van entrando progresivamente en cada unha das explotacións agropecuarias parroquiais.

Este proceso de mecanización empeza a consolidarse a mediados da década dos anos 60 do pasado século, en que a parroquia xa contaba con 46 tractores e 62 segadoras distribuídos polas aldeas parroquiais segundo o modo en que se indica na táboa III.

Aínda haberá que dotar de firme estes accesos para que a esta provisión de equipamentos agrarios se lle engada a adquisición dos vehículos de transporte humano que van aumentando ate finais da década de 1970, tal como se constata na táboa de datos nº IV, comprobándose xa durante a década de 1990 a tenencia dun vehículo de turismo en case todas as unidades domésticas en que que algúns dos membros posúe un permiso de conducir.

Unha vez que as unidades domésticas parroquiais se van mecanizando, tamén empezan a dar mostras de transformación as súas explotacións agropecuarias tradicionais.

Os propietarios da maquinaria agrícola deixan de ir cavar ao monte en man común co legón e empezan a roturar con arados tirados polo tractor as súas parcelas de monte, que pasan a converterse en prados de herba e pasteiros do gando. Tamén se amplían os prados de fácil acceso e as chousas transfórmanse en novos pasteiros. Outros veciños dalgunhas aldeas acordan trocar terras cos demais para ampliar as parcelas e facelas máis axeitadas para o labrado cos tractores. Paralelamente a estas iniciativas intensifícase a produción de herba para ensilar, deixándose progresivamente a práctica do cultivo tradicional de cereais de centeo, avea e algo de trigo e de maízo, que agora consideran que non son cultivos rendibles. Aínda que a avea e o

**Taboa III: Estado da cabana gandeira e da mecanización agraria das aldeas da parroquia de Grixalba no ano 1975**

Aldeas parroquiais	Habitantes (1)	Casas con vacas(2)	Nº de vacas (3)	Tractores (4)	Segadoras (5)
Damonde	22	3	18	1	1
Amenedo	15	3	18	1	2
Barrio	9	2	18	1	1
Brixaría	49	9	54	1	4
Casal de Abaixo	30	4	52	4	3
Casal de Arriba	28	5	25	2	2
Castro	18	4	15	1	2
Codesoso do Monte	49	7	45	2	3
Costoia	25	6	33	3	2
Coto	17	4	13	1	1
Cruces As	65	13	65	0	2
Dombrete	49	20	100	8	10
Guiximil	10	2	13	2	1
Lagoa	19	4	30	1	4
Laxe	8	2	13	1	1
Lousado	5	1	6	1	1
Orxás	32	6	30	1	4
Paraños	19	5	22	0	0
Penagrande	35	5	20	3	2
Portodeabaixo	13	2	16	1	1
Rañón	15	2	14	1	1
Sabugueira	46	9	50	4	3
Sante	51	9	54	1	3
Santó	12	3	15	0	
Suavila	27	3	20	0	1
Uceira	7	2	13	1	1
Vilarchá	26	4	20	1	1
Vilariño	10	3	18	1	1
Vilausos	35	5	30	2	4
Totales:				46	62

Fonte: Para (1) **Habitantes**: Datos extraídos do Padrón municipal de Habitantes. Ano, 1975. Para (2) **Casas con vacas**: Elaboración a partir de datos propios extraídos dunha enquisa realizada «in situ» nesa data. Para (3) **Número de vacas**: Elaboración a partir de datos propios extraídos dunha enquisa realizada «in situ» nesa data. Para (4) **Tenencia de tractores**: Elaboración a partir de datos propios extraídos das respostas a unha enquisa realizada «in situ» nesa data. Para (5) **Segadora mecánica**: Elaboración a partir de datos propios extraídos dunha enquisa realizada «in situ» nesa data.

**Taboa IV: Parroquia de Grixalba: Relación de vehículos de tracción**

Tipo Vehículo	Ano 1967	Ano 1970	Ano 1973	Ano 1976	Ano 1979
Turismos	0	3	9	22	33
Camións	0	0	0	0	0
Furgonetas	1	0	1	4	6
Motos	2	4	5	6	4
Bicicletas	2	2	2	2	2

Fonte: Elaboración propia a partir de: *Padrón de vehículos de tracción mecánica*: «Imposto municipal sobre circulación de vehículos de tracción mecánica». Anos citados.

maíno sexan bos cereais para a alimentación animal, na unidade doméstica da seguinte informante parroquial se optaba fai unha década por deixar de cultivar estes cereais, ao considerar que *«agora (ano 1998) a terra con cultivo de cereais estorba. Se colles unha terra e a sementas de centeo ou de aveia tela ocupada todo o ano e igual non gañas nada, mentres que se colles esa terra e lle sementas herba e a pos de 'pastizal' ¿cantas cortas che dá ao ano?. Dúas ou tres cortas de herba e mais che pode servir de pasto*<sup>19</sup>.



A substitución dos cultivos tradicionais por cultivos de pasto extensivos veu configurando os trazos da nova paisaxe humanizada parroquial.

<sup>19</sup> Información de Isolina Hidalgo Lodeiro. Labradora da Aldea de Casal de Abaixo.

Necesitados de forraxe e de herba que complemente a alimentación animal, estes campeciños van renunciando a realizar os cultivos tradicionais e empezando a dedicar os terreos á produción de herba e forraxes, o que levará consigo a desaparición dos labores da sega e da colleita dos cereais, coa conseguinte perda das prácticas tradicionais unidas a elas, en especial, a instalación nas eiras das casas das medas, dos palleiros de herba e de palla, así como os labores de malla dos cereais, e da esfollo do maízzo. Hoxe en día é normal atopar ermas de palleiros as eiras das casas e sen maízzo os hórreos que continúan deteriorándose por falta de uso, sendo os plásticos negros cubrindo os montóns de herba e forraxe ensilados os que dominan o panorama e mais cercan as cuadras do gando vacún actuais

A constatación do proceso que seguiu nas aldeas da parroquia este descenso no cultivo tradicional de cereais panificables o poñen de manifesto os cadernos de malla daqueles fregueses que aínda os conservan. Un destes é o informante Xoán Cotos, posuidor dunha máquina de mallar que andou facendo a malla polas aldeas da comunidade. Na táboa V recollo de algúns dos seus cadernos os datos relativos a unhas cantas unidades domésticas de diferentes aldeas da parroquia sobre o tempo que invisten en facer a malla co emprego desta máquina de mallar.

**Taboa V: Relación de mallas feitas polo maquinista Xoán Cotos os anos 1974, 1976, 1977 e 1979 en catro aldeas parroquiais**

Aldeas Parroquiais	Casa	Ano 1974	Ano 1976	Ano 1977	Ano 1979
<b>Laxe</b>	Anxel	1 h. 45 m.	1 h. 19 m.	1 h. 23 m.	1 h. 10 m.
	Pedro	1 h. 30 m.	1 h. 19 m.	1 h. 25 m.	0 h. 27 m.
<b>Santó</b>	Avelino	1 h. 40 m.	1 h. 53 m.	1 h. 22 m.	0 h. 45 m.
	Ricardo	2 h. 00 m.	1 h. 15 m.	1 h. 45 m.	0 h. 00 m.
	Carballal	1 h. 22 m.	0 h. 54 m.	0 h. 45 m.	0 h. 00 m.
<b>Suavila</b>	Maduro	1 h. 55 m.	1 h. 45 m.	1 h. 00 m.	1 h. 00 m.
	Barbeiro	1 h. 00 m.	1 h. 9 m.	0 h. 50 m.	0 h. 40 m.
	Barallán	2 h. 27 m.	2 h. 2 m.	0 h. 36 m.	0,00
<b>Casal</b>	Roado	3 h. 10 m.	3 h. 10 m.	3 h. 00 m.	2 h. 10 m.
	Rebordiños	5 h. 34 m.	5 h. 30 m.	0 h. 40 m.	0,00
	Espiño	1 h. 30 m.	1 h. 52 m.	1 h. 8 m.	0 h. 50 m.

Fonte: *Cadernos de malla coas relacións de tempos e custos das mallas realizadas pola Juán Cotos Sánchez nas aldeas e casas parroquiais que se relacionan, relativos aos anos 1974, 1976, 1977, 1979.*

Coa desaparición do ciclo de produción agraria tradicional tamén desaparecen os costumes e rituais populares vencellados ao mesmo.



Imaxes duna malla tradicional. Colección do autor.



Na relación de datos obsérvase o ritmo que leva este descenso nos cultivos de cereais, que pon en evidencia o descenso de horas e minutos de malla coa mesma máquina e colaboradores neste traballo colectivo tradicional. Casas que cinco anos antes investían desde unha hora e media a cinco irán reducindo este tempo de traballo progresivamente ate deixar por completo de mallar.

Paralelamente a esta diminución dos cultivos e dos tempos das mallas tradicionais irán xurdindo variacións na fisionomía das aldeas parroquiais, en cuxa paisaxe van aparecendo tres áreas espaciais diferenciadas; unha área circundante ás casas dedicada ás terras de sementeira na que se poden constatar os cambios acontecidos no ciclo de cultivo agrario aldeán; unha segunda área espacial con mestura de cultivos actuais e masas arbóreas, e unha terceira área espacial periférica dedicada a monte baixo en man común, que aparece situado entre a aldea e as demais unidades parroquiais. Esta nova configuración vaise facendo máis e máis explícita a medida que se van pechando aquelas explotacións agropecuarias non rendibles e cedendo as terras aos veciños que continúan con explotacións actualmente en activo.

Na seguinte síntese de informacións ponse de manifesto como estas transformacións vividas polos fogares parroquiais fixeron que unha mancha deles abandonen a produción de gando vacún, namentres outros incrementan o número de cabezas de gando e o equipamento agrario a empregar no desenvolvemento do modo de produción agropecuario actual, en que o gando vacún deixou de empregarse como forza de tracción animal para destinalo exclusivamente á produción de leite e carne. No decurso das tres últimas décadas este proceso de transformación agropecuario presentou o seguinte ritmo, que aparece recollido na táboa da datos nº VI.

**Taboa VI: Evolución da situación agropecuaria nos fogares das aldeas parroquiais entre os anos 1975 e 2005**

ALDEAS	ANO 1975	ANO 1991	ANO 2005
	Fogares parroquiais posuidores de gando vacún 1	Fogares parroquiais posuidores de gando vacún 2	Fogares parroquiais posuidores de gando vacún 3
Adamonde	3	4	1
Amenedo	3	2	1
Barrio	2	2	1
Brixaría	9	11	13
Casal de Abaixo	4	3	3
Casal de Arriba	5	6	1
Castro	4	3	
Codesoso do Monte	7	9	0
Costoia	6	8	1
Coto	4	3	1
Cruces As	13	20	5
Dombrete	20	23	8
Guiximil	2	2	1
Lagoa	4	5	1
Laxe	2	1	1
Lousado	1	1	0
Orxás	6	4	2
Paraños	5	7	3
Penagrande	5	6	2
Porto de Abaixo	2	1	1
Rañón	2	4	1
Sabugueira	9	7	3
Sante	9	10	1
Santó	3	3	0
Suavila	3	3	1
Uceira	2	0	0
Vilarchá	4	2	1
Vilariño	3	2	1
Vilausos	5	5	3

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos propios extraídos das respostas a unha enquisa realizada «in situ».* Ano 1975; Respostas a unha enquisa realizada «in situ»; e Archivo Municipal de Sobrado.



Esta tendencia ao abandono da produción agropecuaria que veñen mostrando estes fogares tamén ocasiona uns cambios notables no modo de vida aldeán ao quedar os seus residentes a expensas de ingresos provenientes das pagas da Seguridade Social. Pola súa parte, nos fogares que permanecen activos a modalidade de traballo e de vida tamén se foi transformando ate quedar convertidos en pequenas empresas familiares de carácter agropecuario, que esixen unha nova planificación con modernización das cuadras tradicionais, que deixan de estar situadas no baixo da casa para pasar a colocarse a parte, dotándoas de muxidora mecánica e dun depósito refrixerante para o leite, no que agardará polo camiión que o leva ao mercado do sector.

A nova situación das unidades domésticas que permanecen en activo ocasionalles un maior consumo de auga, ao que irán facendo fronte coa progresiva canalización ate a aldea desde un manancial situado no monte. Ao mesmo tempo, o incremento da cabana gandeira lles esixe ampliar as dependencias de almacenamento, o que conseguen nuns casos ampliando as antigas paleiras e noutro construíndoas novas.

A todas estas novas intervencións ao carón da casa vanse asociando outras que se manifestan no recheo ou o peche dos pozos tradicionais, dos hórreos e dos *muiños roulóns* ou *de herdeiros*, que de agora en diante xa non van ser necesarios. No sucesivo úsase a auga da traída, o maínzo cultívase sómente como forraxe para ensilar, os cereais de centeo, trigo e avea deixan de cultivarse nestes fogares parroquiais. Tamén os carros do país, as grades, os arados e os xugos tradicionais vanse depositando no interior dun pendello, no que aparecen hoxe en día mostrando un lento deterioro irreversible.

## 7.- AS TERCEIRAS REPERCUSIÓNS: TRANSFORMACIÓN E CAMBIOS NO PATRIMONIO CONSTRUTIVO PARROQUIAL

Este proceso de transformación e cambios que observamos no seo desta comunidade rural tamén se expandeu ao ámbito das construcións populares tradicionais. En efecto, estas viñeron respectando as esixencias propias do medio, ás que daban unhas solucións xeradas a partir dunhas actividades concretas e dunha concepción construtiva cargada de gran sensibilidade. O clima tamén influíu neste tipo de arquitectura parroquial tradicional, facendo que construtores e usuarios locais se adaptasen a el emprazando convenientemente as súas aldeas, e nelas as diferentes construcións, elevando as macizas cepas dos hórreos para airear a cámara, incluíndo na cociña a boca do forno para que lle dese calor, escollendo os materiais máis axeitados e dispóndoos no lugar conveniente, cuestións todas en que estes labregos tiñan acadando un coñecemento esmerado.

A natureza do clima e do medio, ademais das particularidades das materias primas, foron, pois, os principais condicionantes desta arquitectura tradicional parroquial, aos que hai que engadir o modo de produción de todos estes labregos.

A escasa calidade das pedras no perímetro territorial de Grixalba, que presenta un subsolo no que sómente saen ao exterior sobre todo cuarcitas areniscas en formacións pétreas con venas de cuarzo, datadas polos expertos no subperíodo xeolóxico Ordoviciano inferior, condicionará a formación dunha paisaxe construtiva parroquial onde dominan as edificacións levantadas cos tipos de pedra que dan as fallas xeolóxicas, isto é, pedras de *ollo de sapo* de gran fino e de *ollo de sapo* de gran grosso, ou, dito doutro xeito, as chamadas *metagrauvacas feldespáticas* e outras pedras graníticas hercínicas, e deoisutos de «coluviones» máis ou menos espesos, compostos fundamentalmente de gravas de cuarzo, pizarra y granito, cunha matriz arenolimo-arcillosa que se espallan polos amplos espazos húmidos do territorio parroquial.

Ten sido neses chans naturais onde os aldeáns se proveron de pedra e arxila abondo para a construción das paredes das casas e edificacións anexas de pizarras e exquisitos grises, que os naturais nomean «chantas» ou «antas» para colocar sobresaíndo no remate dos muros da parede das edificacións, ou para formar os peches de chousas privadas e hortas.

A escasa calidade da pedra ocasiona a construción deses muros de cachotería á vista que presentan todas elas. O escaso granito dispoñible emprégase para as esquinas, antepeito das fiestras, lumieiras e xambas e, sobre todo, no alzado dos penais, *cepas*, *voadizos* da grade, *gardaventos* e *ornamentos* dos hórreos tradicionais, que van decantando as pegadas básicas desta arquitectura local sen arquitectos, plenamente integrada na paisaxe.

Todo isto que dicimos ten validez ate o ecuador do pasado século XX. A partir da década de 1950 do pasado século este modelo de casa-vivenda tradicional inaugura un proceso continuado de transformación do modo de traballo e de vida dos membros desta comunidade, que traerá consecuencias para as casas-vivenda, construcións adxectivas e mesmo para a configuración tradicional dos núcleos aldeáns.

Os teitos vexetais de alpendres e arrimos cóbrense de tella polo risco de incendio que sofren e polo símbolo de penuria económica que denota o fogar propietario; o cabazo cónico de sebe de xesta e palla tamén desaparece das eiras aldeás. Tamén se suprimiu o fume das antigas cociñas mediante a construción de novas chemineas de ladrillo, e logo de cemento, a grande altura e a posterior incorporación das cociñas de butano. Suprímese tamén o *canizo* tradicional porque xa non se lle da importancia a seca das castañas. Incrementáase a iluminación das estancias por medio da eliminación da fiestra do *vertedeiro*, substituída por unha máis ampla, e tamén se agrandan as fiestras dos cuartos, aínda que para iso haxa que derrubar antepeitos, xambas e lumieiras. Igualmente suprímense os vans das cortes, porque se crea unha separación mediante tabique, aínda que se perda así o calor que daban os animais, e lévanse a

cabo progresivamente moitas outras intervencións máis que van minguando o carácter vernáculo do edificio.

Pero nas últimas décadas asistimos ao paso das vellas estruturas dos edificios ás actuais. Este paso realízase ou ben construíndo unha casa nova, quedando a vella como un alpendre máis do fogar, ou ben facendo substanciais reformas na vella, que levan a subir os muros da casa, engadir e trocar as vellas ventás, substituír o sobrado ou o cuarto por un primeiro andar con corredor central, comedor e habitacións para durmir aos lados, todos protexidos con un entarimado que se interpón entre o piso do cuarto e o teito da casa e serve de *faiado* para almacenaxe de elementos diversos.

A todo este proceso de transformación de que son obxecto as casas-vivenda tradicionais, cada vez máis acentuado a medida que o tempo pasa, deberá engadirse a progresiva importancia que acadan nas casas desde a década de 1960 os medios de comunicación audiovisual. Por no dispor de rede de corrente eléctrica, estes campesiños tiveron que agardar a que a firma Sony introducira no mercado os primeiros receptores transistorizados alimentados por baterías (pilas), para que empezasen a escoitar sons diferentes dos emitidos polos gaiteiros locais, acompañados de bombo e tamboril. Sabemos que o primeiro transistor veu para unha taberna de parroquia, e desde entón algúns veciños foron mercando outros, que puñan a tocar os domingos nunha fiestra do cuarto para que as cancións se escoitasen por toda a aldea e o contorno, converténdose nun servizo musical gratuíto brindado aos demais por aqueles primeiros propietarios do prezado aparello. Algo máis tarde, na década dos sesenta, coa instalación da luz eléctrica nas principais aldeas da parroquia, tamén chegará a primeira televisión en branco e negro á referida taberna da comunidade parroquial. A innovación foi de impacto para algúns destes aldeáns, que se resistiron a admitir que aquilo que vían na pantalla correspondía coa realidade, habendo quen morreu sen chegar a admitilo<sup>20</sup>. Con todo, a introdución e difusión da radio e da televisión nos fogares parroquiais, acompañadas da sucesiva apertura e asfaltado de pistas de acceso ás aldeas que permitiron a tenencia de vehículos de tracción mecánica por parte destes paisanos para comunicarse co exterior, e a primeira instalación, o ano 1981, no lugar das Cruces, dun locutorio telefónico público desde o que se podía contactar cos veciños e familiares máis achegados, constitúen primeiros factores importantes da transfor-

<sup>20</sup> Neste sentido, vaia unha lembranza para o veciño Andrés, da aldea de Falrrá, que estando vendo por televisión a chegada a lúa dos astronautas estadounidenses Neil Armstrong, Edwin Aldrin y Michael Collins o día 21 de Xullo de 1969, na *taberna da Conexeira*, non admitiu que aquilo se refería a algo real. Durante o tempo que seguiu vivindo este veciño nunca admitiu que aquel paseo lunar, primeiro de Neil Armstrong e despois de Edwin Aldrin, fose algo verdadeiro, real. Para el, aquilo que no televisor se estaba a ver non era máis que un *unha película americana* e non o éxito da investigación astronáutica. A bo seguro que naqueles anos outros moitos veciños pensarían igual que este rústico Andrés.



Actualmente intervénese sen medida nestas construcións populares, producindo, tal como denuncia esta imaxe, a súa degradación ante a indiferenza de quen debe sen evitalo. Mostra dunha intervención desastrosa nunha casa da aldea de Sabugüeira. Á esquerda, imaxe do lateral; á dereita, portas, ventás e teito.

mación e dos cambios experimentados tanto nas actuais casas-vivenda como no modo de vida dos que as habitan hoxe en día.

No momento actual, a arquitectura tradicional realizada por estes homes da parroquia, ou mellor, que pertenceron á parroquia, atópase nun grave risco de desaparecer, transformada polas intervencións sen tino actuais. Hoxe en día encárganse unhas remodelacións e unhas construcións estritamente utilitarias, adaptadas ás novas formas de vida e maneira de ser do actual campesiño parroquial, e esta cambiou en relación a fai tan só unhas décadas. Esta nova arquitectura sen arquitectos debería continuar manifestando aquela disposición e saber do antigo proxectista, isto é: a adaptación ao medio e a funcionalidade. Pero hoxe non o fai: O obxectivo principal da poboación moza das aldeas parroquias e traballar e asentarse na cidade. Esta aparece como o mundo de referencia no que agarda triunfar, uníndose así a ese modelo de cultura urbana desarraigado do seu entorno aldeán, co que enlaza a miúdo por medio do vehículo familiar. Renúnciase a vivir na casa vella, que queda abandonada con parte dos mobles e aveños dentro, e amplíase con instalacións novas ou faise outra ao seu carón con materiais construtivos industriais. As vellas chemineas deixan de fumegar e as casas non poden manterse. Moitas aldeas semellan mudos solares de casas e construcións anexas densamente poboadas fai tan só unhas décadas. É urxente xerar unha nova conciencia encamiñada a conservalas aínda que sexa sen xente, ou para que as repoboen fornadas de novos veciños que cheguen buscando un lugar onde acollerse e traballar. Pero neste sentido aínda queda moito que facer tanto por parte dos actuais fregueses como polas autoridades autonómicas, provinciais e locais que xestionan o mundo rural.

Pero a delimitación das transformacións e cambios que afectan á estrutura do sistema de cultura tradicional desta parroquia rural non se esgota no que levamos dito ate agora. Un inventario máis detallado tería que incluír, ademais, todas aquelas transformacións e cambios que aparecen noutra manchea de elementos do patrimonio etnográfico da comunidade. Concluirei este comentario enumerando algunhas situacións en que temos atopado estes outros bens do patrimonio etnográfico parroquial. Estas, fundamentalmente, son:

- a) Situación de perda e de abandono en que se achán as cruces de pedra parroquiais, que aparecen situadas sobre muros que pechan os agros das aldeas, e na veira dos camiños e das actuais estradas parroquiais. Progresivamente foron derrubadas unhas, caendo outras, e retiradas outras que se reinstalaron no interior de xardíns e propiedades privadas, onde seguen dando pétreo testemuña de crenzas e sucedidos vividos polos fregreses que as depositaron nun lugar do que non deberon de saír.
- b) Situación de deterioro e ruína das ducias de *muíños roulóns* ou *muíños herdeiros*, así como de outros *muíños de maquiá*, aos que acudiron os campesiños moer o gran dos cereais. Tan só puidemos atopar mostras ruiñosas dos que existían no curso dos ríos Mandeo e Pontetuela, seu afluente, así como noutra manchea de regatos que baixan ferindo o espazo parroquial. Logo dun funcionamento continuado durante centos de anos, ningún deles se mantén en condicións de moer, agás algún particular que ten sido recuperado para integrarse nunha futura rota de sendeirismo rural.



Actualmente apréciase una situación de deterioro, rapto, traslado de lugar a espazos privados, e perda dos elementos do patrimonio inmobiliario de carácter inmaterial, especialmente aqueles que quedan nas marxes de camiños que deixan de transitarse. Na imaxe, mostramos de cruces de pedra deterioradas e cambiadas de lugar.



Os hórreos, que nesta parroquia son mixtos de pedra e madeira, ou sómente de madeira, deixaron de cumprir o seu papel tradicional e están entrando nun proceso de deterioración e ruína irreversible. Na imaxe, o estado de deterioración dun dos hórreos máis emblemáticos da parroquia: O Hórreo da casa Maceiras da aldea de Codesoso do Monte (Imaxe: Colección do autor).

- c) Transformación e perda doutra mancha de elementos do sistema patrimonial comunitario, nos que se sintetizan as pegadas do modo de vida tradicional destes campesiños: desde a referida transformación das construcións populares (casas e construcións anexas á casa-vivenda), ao aproveitamento da auga (pozos, fontes, muíños parroquiais, a terra (labores agrícolas), pasando polos traballos domésticos (matanza do porco), os traballos do ciclo agrícola (mallas, esfollas), os labores do liño e da lá nos teares aldeáns (confección de colchas, mantas, sabas e outras teas), os oficios artesáns das teas (costureiras, xastres), da madeira (fragueiros, carpinteiros, zoqueiros), do ferro (ferreiros, ferradores), da follalata (latoeiro), ate chegar ao cambio na maneira actual de vivir o tempo de ocio e lecer (xuntanzas, comidas, festas, romarías parroquiais).

## 8.- A MODO DE CONCLUSIÓN

En base ao que levo exposto poderíase concluír que nas últimas décadas case nada ten permanecido invariable no seo destas aldeas rurais. Nos meus percorridos polo interior destas aldeas fun tentando identificar os vestixios das intervencións efec-

tuadas na rede viaria parroquial que estimularon as posteriores transformacións e cambios, que afectaron á arquitectura, economía, e modo de vivir dos actuais membros da comunidade parroquial. Ao mesmo tempo, decateime de como na orixe deste proceso de transformación e cambio aparecía un pequeno grupo de persoas, do alén parroquial, que chegaban mostrando a estes labregos as ferramentas de traballo que eles necesitaban para os traballos agropecuarios, e o seu manexo sobre o espazo parroquial. É un integrante deste grupo de foráneos, posteriormente afincado nunha aldea parroquial, quen sobresaíu na orixe deste proceso de cambio parroquial, pola súa habilidade para integrar vontades e capacidade de liderato do grupo de veciños que empezan o proxecto transformador. Mentres aquel, cun reducido grupo de colaboradores, consegue levar a cabo o propio proxecto, outros se ocupan de transformar en estrada a principal vía de acceso á comunidade parroquial desde o exterior.

Vai ser a partir destes dous proxectos de infraestrutura viaria como a rede de comunicacións e a propia fisionomía das aldeas e as casas van empezar a variar. A elas seguirán as transformacións que se poden apreciar hoxe en día nos demais elementos do patrimonio etnográfico parroquial, que viñeron tecendo desde o sistema de cultura local.

Aqueles escasos fregreses novos que hoxe en día tratan de recuperar e activar elementos etnográficos para o turismo rural empezan por mostrar interese polos seus muíños, fornos e cociñas das casas tradicionais, ou polos apeiros de labranza, que xa non lles din nada do ciclo agrario practicado polos avós e os pais; ou tratan de mostrar a máquina de triturar toxos sen que xa saiban o destino dado fai unhas décadas. Tamén recollen os elementos que quedan do ciclo do liño e da la, sen que nada digan da condición feminina, e constrúen a camariña patrucial, que xa nada ilustra da condición dos patrucios do antigo fogar.

Pero todos estes elementos patrimoniais deben ser conservados por constituír soportes desa memoria histórica local. O seu valor patrimonial reside na memoria da comunidade que se apropia do seu potencial simbólico; e o mesmo ocorre cos hórreos, os muíños, os obradoiros artesáns, e coas cruces de pedra espalladas polos camiños parroquiais, e os castros e mámoas que alberga o subsolo parroquial. A necesidade de protección destes elementos-soporte, dependerá do interese que se teña por conservar a imaxe representativa das lembranzas que representan; e este hoxe en día semella ser cativo no seo desta comunidade local. Pero isto, os elementos do sistema de patrimonio inmobiliario, mobiliario e inmaterial parroquial aparecen sometidos a un ritmo transformador que os desvencella da realidade social que lles deu vida. Están deixando de ser soportes desa memoria colectiva e converténdose en amnésicos para os descendentes dos homes e mulleres que dotaron a esta comunidade rural dun sistema de cultura tradicional, que actualmente pasa pola situación de fonda transformación e cambio que temos comentado.

## BIBLIOGRAFÍA

- LISÓN TOLOSANA, C. (1977), *Antropología cultural de Galicia*, Akal editor Madrid, 1977.
- MOURE-MARIÑO (1979), *Temas gallegos*, Espasa Calpe. Madrid.
- CABANAS LÓPEZ, F. D. (2003), *Historia de Sobrado dos Monxes*. Ed. Concello de Sobrado dos Monxes. Gráficas Sementeira, S.L. Noia.
- MADOZ, P. (1815), *Diccionario Geografico-Estadístico de Galicia y sus posesiones de ultramar*. Tomo III. Madrid.
- A.M.S.M. [Arquivo Municipal de Sobrado dos Monxes]: *Padróns de Habitantes do Concello de Sobrado dos Monxes. Parroquia de San Xulián de Grixalba. Anos de: 1930, 1950, 1970, 1975*.
- A.M.S.M. [Arquivo Municipal de Sobrado dos Monxes], *Padrón de vehículos de tracción mecánica: «Imposto municipal sobre circulación de vehículos de tracción mecánica»*. Anos: 1967, 1970, 1973, 1976, 1979.
- A.R.G. [Arquivo do Reino de Galicia], *Catastro del Marqués de Ensenada: Interrogatorio de San Julián de Grijalba*. Ano 1752.